Prunus avium (L.) L., 1755

- cerdeira, cereixeira, fodrigueiro, xirereira
- cerezo. albaruco
- gereziondoa
- cirerer
- wild cherry sweet cherry, gean
- cerejeira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Prunus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Árbore de ata 30 m, caducifolia. Tronco groso e ben definido; pólas con codia agrisada, case lisa, que racha e se ennegrece coa idade; pólas glabras, lisas, de cor marrón avermellada, cunha codia que con frecuencia se descama. Follas obovadas, oblanceoladas ou máis ou menos longas, elípticas, acuminadas, con marxe crenada ou serrada e dentes glandulares. Flores con pedúnculos longos, fragrantes, que aparecen ao mesmo tempo cás follas novas, en fascículos sésiles, semellantes a umbelas, rodeadas na base por unha coroa de brácteas coclariforme.

HÁBITAT

Bosques húmidos caducifolios, barrancos, ribeiras de ríos, en lugares frescos con solos profundos, principalmente nas montañas.

DISTRIBUCIÓN

Medra en case toda Europa, Asia occidental e Norte de África. Na Península Ibérica é máis común no norte.

CURIOSIDADES

Debido á súa vistosa floración e ás cores outonais, tamén se planta amplamente como planta ornamental.